

GRUPO PROVINCIAL

D^a. Montserrat Lama Novoa, Voceira do Grupo provincial de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu coñecemento e posterior aprobación se procede:

ORZAMENTO COVID-19 2021

Como de todos é sabido, estamos a vivir momentos moi complicados pola pandemia do COVID-19.

Unha pandemia que nos está a afectar tanto económica como socialmente a todos os ourensáns.

Debemos actuar de maneira lóxica para saber onde podemos axudar e como podemos cooperar cos concellos, xa que para elo somos o concello dos concellos.

En momentos coma este, requírese que esteamos á altura e que saibamos deixar a un lado as nosas crenzas ideolóxicas, para ser parte da solución e non do problema.

O orzamento da Deputación Provincial de Ourense, que se aprobará no vindeiro pleno de setembro, debería recoller toda a problemática actual e plasmar unha solución única e exclusiva para o financiamento dos concellos.


Estamos ante un problema común no que cada concello ten as súas particularidades, cada grupo de goberno coñece á perfección onde e como se deben destinar os recursos obtidos.

Dada a excepcionalidade do momento vemos necesario que nos orzamentos 2021 unha única achega para os concellos mediante un sistema de reparto que atenda aos principios de obxectividade, equidade e transparencia coma non podía ser doutra maneira, que aumente considerablemente a súa capacidade de reacción e decisión. Neste momento excepcional que vivimos cada un dos concellos debería decidir como utilizar as cuantías recibidas.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao pleno os seguintes **ACORDOS**:

1.- Instar ao Grupo de Goberno Provincial que nos orzamentos 2021 recollan unha única achega para os concellos, cumprindo cos principios de obxectividade, equidade e transparencia, prescindindo puntualmente dos Plans Provinciais.

Ourense, 15 de Xullo de 2020



D.ª. Montserrat Lama Novoa

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE